

INFORME DE VALORACIÓN TÉCNICA DAS OFERTAS DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO DOS ASCENSORES E O ELEVADOR DA TRIBUNA DO HEMICICLO MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

1. Antecedentes.

O obxectivo deste informe é a valoración da documentación técnica contida nos sobres B das ofertas do expediente de contratación do servizo de mantemento dos ascensores e plataforma elevadora no Parlamento de Galicia, no relativo aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

2. Criterios de valoración.

Tivéronse en conta os pregos da contratación (de administrativas e o de prescricións técnicas), e en particular, o apartado 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas (*l.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 45 puntos.*): aspectos relativos á calidade do servizo, equipo técnico, planificación das revisións, dispoñibilidade de repostos.

Estes aspectos agrupáronse en 5 apartados, aos que se lles asignou o seguinte reparto de puntos:

1. Calidade do servizo ofrecido: Referido ás medidas de mantemento preventivo e correctivo propostas (de 0 a 15 ptos.)
2. Planificación das revisións: referido á frecuencia e modo de executar as accións de mantemento. (de 0 a 15 ptos.)
3. O equipo técnico de traballo (de 0 a 5 ptos.)
4. Dispoñibilidade de repostos (de 0 a 7,5 ptos.)
5. Comunicacóns de incidencia: referido á metodoloxía de información a proporcionar sobre a programación e execución das tarefas de mantemento (de 0 a 2,5 ptos.)

3. Valoración das propostas:

Presentáronse as seguintes propostas:

ENOR

OTIS

Schindler

Thyssenkrupp Elevadores

3.1 Valoración oferta presentada por ENOR:

1. Calidade do servizo ofrecido:

Presenta unha oferta sinxela ao respecto da operativa de mantemento preventivo, do mantemento técnico legal, e do correctivo. Sobre o preventivo refírese que aplicará

procedementos conforme a instrucións de mantemento e check list. Do mantemento técnico legal, comprométese a dar cumprimento das esixencias normativas, requisito elemental que xa consta nos pregos. Do mantemento correctivo abarcará a reparación ou modificación de aqueles elementos que presenten defectos de deseño, desgaste ou o requiran. En caso de avaría ofrece un horario de servizo de 24 horas, e incorporando ademais un cadro horario de semana e outro de fin de semana para a xestión de avarías. Non entra a diferenciar a xestión dos elevadores e da plataforma salvaescaleiras. A proposta de mantemento preventivo e correctivo valórase coma sinxela. Outórgaselle 7,5 puntos.

2. Planificación das revisións:

A oferta presenta un programa de tarefas de mantemento preventivo detallado, para cada unha das partes que integra un elevador. Relaciona cada un dos procesos a unha frecuencia de revisión, diferenciado cales son mensuais, trimestrais e anuais. Desas comprobacións indícase cales teñen carácter de inspección visual e aqueloutros que consisten en comprobacións, accionados e probas. Considérase a proposta neste eido coma boa, clara. Outórgaselle 15 puntos.

3. O equipo técnico de traballo:

Relaciona unha lista do persoal técnico dispoñible para a área de Santiago de Compostela, asignando para as tarefas de mantemento preventivo un técnico de mantemento habitual e un de reserva. Para a atención de avarías fóra do horario normal (entre as 22:00 e as 8:00 horas incluídos domingos e festivos) pon á disposición dous técnicos de mantemento de garda.

Considerase este apartado con garantías e para o interese da prestación do servizo, pero a proposta resulta menos elaborada que outras ofertas que ofrecen un maior detalle. Outórgaselle 4 puntos.

4. Dispoñibilidade de repostos:

A proposta de repostos e semi-funxibles simplemente menciona que realizará calquera tipo de reposición ou substitución, sen entrar en detalle. Neste apartado a descrición para efectuar unha valoración resulta escasa. Outórgaselle 1 punto.

5. Comunicacións de incidencia:

Non proporciona información, agás unha ficha (como ANEXO I) sobre os informes de mantemento e atención de avarías. Neste apartado a descrición para efectuar unha valoración resulta escasa. Non se lle outorgan puntos.

3.2. Valoración oferta presentada por OTIS.

1. Calidade do servizo ofrecido.

Presenta unha oferta detallada das tarefas de mantemento preventivo, acompañada dun plan de control e calidade dos procesos a realizar: sistema de control do proceso de mantemento

(que denominan N° ZO-OP-19-02) con revisións periódicas e tipo de procedemento de inspección. Incorpora un procedemento de Auditoría anual de calidade, que permítelles verificar o nivel de calidade do mantemento que efectúan, e a partir del determinar as accións preventivas e correctivas necesarias. Detalla como realiza dito proceso de auditoría. Tamén establece mecanismos de control de seguridade e de riscos.

A oferta presenta o modo de efectuar o procedemento de actuación en caso de avarías/emergencias, responsabilizándose na atención inmediata as 24 horas do día en todo o ano.

Os traballos a realizar durante as revisións dos aparatos elevadores fican detallados nos manuais de mantemento dos que dispón a empresa, para cada un dos diferentes elementos dos que constan os elevadores (presenta índice dos manuais que teñen coma referencia). Presentan tamén un plan de Avaliación de riscos e medidas preventivas a efectos de seguridade. Inclúen no procedemento de mantemento a realización dunha auditoría de anual de calidade, con informe técnico do seu estado, así coma a formación a persoal do centro para actuar en caso de quedar atrapado.

Relaciona unha completa lista de instrumental necesario para a execución das medidas de mantemento, así coma dos equipos de protección individual, coma da xestión dos residuos a efectuar.

Presenta unha peor oferta no tocante ao modo de desempeñar o mantemento correctivo, con menos detalle sobre os procedementos correctivos que ofrece, aspecto que penaliza este apartado en comparación con outras ofertas que si fan unha oferta con máis detalle. O modo no que afrontar as medidas correctivas considérase un elemento da prestación importante, e por este motivo penalízase con 5 puntos.

Valorase a proposta coma boa, completa e clara. Outórgaselle 10 puntos.

2. Planificación das revisións:

Presenta a frecuencia das operacións de mantemento preventivo, describindo para cada unha das actuacións o número de inspeccións a realizar ao ano. Tanto para os ascensores coma para a plataforma salvaescaleiras detallase coma se fará por mensualidades. Inclúe aquelas operacións a maiores e /ou frecuencia adicional no mantemento.

A proposta neste apartado é moi boa. Igualada con outra, e lixeiramente superior as seguintes. Outórgaselle unha puntuación de 15 puntos.

3. O equipo técnico de traballo:

Relaciona os medios humanos, co seu organigrama funcional, que pon a disposición. Especifica a responsabilidade de cada posto, as súas funcións, actividades e comportamentos

básicos no desenvolvemento do servizo de mantemento. Adxunta resumo curricular do persoal
Incorpora unha lista de persoal de apoio. Acompaña descrición do plan de formación continua.

A proposta considerase boa. Outórgaselle unha puntuación de 5 puntos.

4. Dispoñibilidade de repostos:

Presenta unha relación ampla dos medios materiais ao servizo do mantemento. Inclúe un apartado específico dos repostos orixinais, cunha declaración responsable de stock de repostos dos que dispón a empresa, con máis de 6.000 referencias. Inclúe capacidade de xestión na procura dos repostos a nivel do “almacén central europeo”. Considérase este apartado con garantías e para o interese da prestación do servizo. Outórgaselle unha puntuación de 7,5 puntos.

5. Comunicacions de incidencia:

Dispón dun sistema propio de contacto de incidencias, contact-center, co que atender o servizo de 24 horas de atención emerxencias e avarías. Inclúe o modo de efectuar os procedementos de seguimento e como xeran os informes de servizo, e os comprobantes de visita. O sistema inclúe o modo de efectuar o seguimento, control e as solucións para aquelas unidades cuxo ratio de avarías supere os niveis Otis de calidade. Ademais de detallar os sistemas informáticos para o seguimento, dispoñendo dunha ferramenta *on line* para a recepción, tramitación e solución de avarías, así coma de consulta de históricos.

A proposta considerase boa. Outórgaselle unha puntuación de 2,5 puntos.

3.3. Valoración oferta presentada por Schindler.

1. Calidade do servizo ofrecido.

Presenta unha oferta moi detallada do alcance e execución do mantemento, enfocado a garantir a conservación das instalacións en perfecto estado de funcionamento, describindo as medidas preventivas periódicas, atención a todo tipo de incidencias, e a consecución de tódalas tarefas e operacións necesarias para cumprir cos obxectivos de calidade esixibles.

Especifica como desenvolve o servizo de mantemento sobre aparatos que corresponden a tecnoloxías de terceiros fabricantes. Reforza ademais este aspecto indicando que dispoñen dun centro de competencia técnica (TCC) especializado en tecnoloxías doutras marcas.

Detalla en que consiste o Plan de Mantemento de Schindler, da súa organización, planificación do servizo, e da súa verificación e confirmación. No caso de que as máquinas non cumpran cos ratios de dispoñibilidade e calidade no mantemento, especifica o procedemento para adoitar as accións correctivas oportunas.

Presenta unha descrición da operativa de mantemento preventivo enfocado a evitar as accións correctivas, e un programa especial de mantemento coas inspeccións periódicas de seguridade e de auditorías internas, incluíndo o que denominan programa Qualison2 (determinación por

ultrasons para verificación de determinados tipos de compoñentes dos elevadores). Inclúe medidas especiais de mantemento preventivo especializado e adicionais, así como a previsión de cambio periódico de aceites. Propón tamén realizar unha monitorización dos medios de suspensión e tracción co cal determinar o estado da forza tensora destes sistemas.

Relaciona unha completa lista de instrumental necesario para a execución das medidas de mantemento, e de ferramentas de diagnose. Valórase a proposta coma moi boa, resultando en comparación coas outras lixeiramente máis completa polo nivel de detalle e propostas. Outórgaselle 15 puntos.

2. Planificación das revisións:

Determinadas a partir do que denominan coma "Service planning", asignando un tempo de mantemento total anual en función das características da instalación, e repartíndose as visitas entre as de tipo técnico, as de control e inspección.

Escasa información sobre a frecuencia de tarefas identificadas e o momento de realización. Incorpora a frecuencia de operacións de inspección de seguridade adicional do sistema de mantemento con carácter anual e quinquenal. A proposta neste apartado é baixa pola falta de detalle. Outórgaselle 5 puntos.

3. O equipo técnico de traballo:

Relaciona os medios humanos, co seu organigrama funcional, que pon a disposición. Especifica a responsabilidade de cada posto, as súas funcións, actividades e comportamentos básicos no desenvolvemento do servizo de mantemento. Adxunta relación dos seus equipos de mantemento presentes en Galicia, e correspondente titulación. Establece un "técnico de ruta" (técnico de mantemento preventivo) encargado de executar o plan de mantemento, e un técnico de mantemento correctivo encargado de atender as avarías.

A proposta considérase boa. Outórgaselle 5 puntos.

4. Disponibilidade de repostos:

Presenta un plan de repostos e elementos de recambio cun amplo stock, mediante un "sistema informatizado de control de repostos e seguimentos de stocks". Garante a instalación e a dispoñibilidade de repostos orixinais. Detallan o sistema de xestión de repostos e o inventario e catálogo de repostos *on line*. Considerase este apartado con garantías e para o interese da prestación do servizo. Outórgaselle unha puntuación de 7,5 puntos.

5. Comunicacions de incidencia:

Dispón dun programa informático de xestión informatizada do servizo de mantemento, o SAP R3 (versión 6), que permite emitir partes de revisión e intervención, con toda a información procesada, para o cliente. Inclúe tamén, adicionalmente, o programa de xestión informatizada denominado SchindlerScorecard, unha ferramenta de información onde pode visualizarse os

reportes e datos de mantemento, a historia dos equipos e das intervencións realizadas, e respectivos informes do estado das máquinas. Inclúen tamén a entrega dun parte de traballo en versión papel despois de cada unha das intervencións de mantemento. A proposta considerase boa. Outórgaselle unha puntuación de 2,5 puntos.

3.4 Valoración oferta presentada por Thyssenkrupp

1. Calidade do servizo ofrecido:

Presenta unha oferta moi detallada sobre as medidas de mantemento, normas de seguridade sobre os sistemas elevadores. Describe con detalle o proceso de traballo de mantemento, o tipo de protocolo a aplicar, modo de atender as accións básicas para o funcionamento, seguridade e confort. Detalla ben as operacións de limpeza, de axuste e regulación, e comprobación de compoñentes, a efectos preventivos. Inclúe tamén un tratamento específico sobre as tarefas de revisión, e a operativa de mantemento, para a plataforma elevadora salvaescaleiras.

No referido ao mantemento correctivo detalla que accións quedarán comprendidas dentro do mantemento, aquelas que implicando reparación e/ou reforma quedan dentro do que denominan “modalidade a todo risco”, referidas a unha serie de pezas “suxeitas a desgaste” dos ascensores. Especifica igualmente aqueloutras que quedan excluídas. Sendo unha proposta boa, non resulta tan completa coma outra das presentadas, que presenta maior concreción neste tipo de mantemento, polo que se lle penaliza con 3 puntos.

Inclúe tamén a descrición dos equipos de protección para executar os traballos.

Tanto a proposta de mantemento preventivo coma o correctivo valórase, dentro da calidade do servizo, coma boa. Outórgaselle unha puntuación de 12 puntos.

2. Planificación das revisións:

Presenta detalladamente as frecuencias de execución previstas para cada tipo de mantemento, especificándose claramente cal corresponde a cada mes, ao longo dun ano, o tipo de operativa a realizar. O mesmo para o salvaescaleiras.

Considerase moi boa, clara e completa. Outórgaselle unha puntuación de 15 puntos.

3. O equipo técnico de traballo:

Relaciona os medios humanos, co seu organigrama funcional, á disposición para a prestación do servizo. Acompañan un cadro coa categoría e/ou formación do persoal responsable das tarefas de mantemento, cunha relación de ate 9 técnicos de mantemento, xunto a unha breve mención curricular de dito persoal. Outórgaselle unha puntuación de 5 puntos.

4. Dispoñibilidade de repostos:

Presenta un plan de xestión de repostos para calquera marca comercial existente no mercado, detallando a posibilidade da súa inmediata e provisión, en base a unha aplicación informática

que denominan coma “manual de repostos”. Nel figura unha listaxe e descrición dos repostos existentes, e do tempo para a súa provisión. Considerase este apartado con garantías e para o interese da prestación do servizo. Outórgaselle unha puntuación de 7,5 puntos.

5. Comunicacións de incidencia:

Dispón dun programa informático de xestión de mantemento, mediante o sistema MEDEA, propio do grupo Thyssenkrupp Elevadores, co cal facilitar toda a información necesaria para o seguimento e control das máquinas (listaxe de avarías, das intervencións realizadas, e o histórico das revisións preventivas realizadas). Xestiona os partes de asistencia técnica, o procedemento de xestión da información a efectos de control e previsión do mantemento e das accións correctivas. Inclúe o procedemento do servizo de 24 horas e de avisos durante os 365 días do ano. Outórgaselle unha puntuación de 2,5 puntos.

Na seguinte páxina inclúese un cadro coas puntuacións parciais dos anteditos apartados e as totais das ofertas:

Servizo de Réxime Interior

	ENOR	OTIS	SCHINDLER	Thyssenkrupp
calidade do servizo ofrecido	7,5	10	15	12
planificación das revisións	15	15	5	15
o equipo técnico de traballo	4	5	5	5
dispoñibilidade de repostos	1	7,5	7,5	7,5
comunicacións de incidencia	0	2,5	2,5	2,5
PUNTUACIÓN TOTAL	27,5	40	35	42

En Santiago de Compostela, a 26 de febreiro de 2014

O técnico do Servizo de Réxime Interior

Martín Nerecelas Méndez

Vº e prace

O xefe do Servizo de
Réxime Interior

F. Javier Freire González